

OBSERVATORIO DE IGUALDADE
DE XÉNERO



COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

DESEÑO DO OBSERVATORIO MUNICIPAL DE IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INDICE

[1] Introducción	3
[2] Obxectivos.....	4
[3] Fases metodolóxicas: como se traballou e con que propósito?	5
[4] Proposta de deseño do observatorio	9
4.1 Investigación.....	10
4.1.1.1. Violencias.....	13
4.1.1.2. Desigualdades no acceso e uso dos recursos económicos	14
4.1.1.3. Desigualdades no acceso ao poder político e económico	15
4.1.1.4. Desigualdades no acceso ao coñecemento, formación e educación	16
4.1.1.5. Desigualdades no uso dos tempos	17
4.1.1.6. Desigualdades no benestar.....	18
4.1.1.8. Desigualdades no ámbito da cultura	18
4.1.1.7. Desigualdades na participación e movementos sociais.....	18
4.1.1.9. Desigualdades no espazo público.....	20
4.1.1.10. Desigualdades nos deportes.....	20
4.2. Coordinación e articulación.....	21
4.3. Formación	23
4.4. Comunicación e participación	26
Referencias bibliográficas.....	28

[1] INTRODUCCIÓN

Os observatorios de igualdade de xénero xorden no marco da estratexia do *mainstreaming* de xénero na década dos noventa. Esta estratexia ten como obxectivo fundamental revisar todas as políticas públicas coa intención de eliminar o nesgo de xénero e, así, contribuír á consecución da igualdade entre mulleres e homes. A súa posta en práctica mostra o carácter multidimensional da desigualdade de xénero, xa que evidencia como esta problemática goza dun carácter estrutural que atravesa diferentes áreas. Neste marco de actuación os observatorios son instrumentos esenciais na recompilación de información cuantitativa e cualitativa ao redor das desigualdades de xénero, e na creación de indicadores que faciliten tanto a formulación de políticas de calidade como a medición do impacto das mesmas.

Dende esta perspectiva, a **Concellaría de igualdade, desenvolvemento económico e turismo do Concello de Santiago de Compostela**, identifica coma un dos seus obxectivos principais deseñar e por en marcha un Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero.

A aplicación práctica dos observatorios de xénero xorde ao redor de dous eixos fundamentais:

- Analizar o impacto das políticas públicas, programas e proxectos dende unha perspectiva de xénero. Os observatorios supoñen un instrumento eficaz que visibiliza as fendas de xénero, e do mesmo xeito, xeran mecanismos que facilitan o seguimento e medición de impacto de xénero das intervencións públicas.
- Redeseñar e replanificar a actuación pública en función do xénero. Os observatorios posibilitan a análise en profundidade das desigualdades de xénero a través da posta en marcha de liñas de investigación, ferramenta clave para deseñar futuras políticas públicas.

O deseño do observatorio ten como punto de partida o “Estudo para a construción do observatorio de igualdade de oportunidades de Santiago de Compostela” elaborado durante os meses de febreiro e maio de 2016. En dita investigación, que constituíu o marco teórico e a base metodolóxica deste estudo, formuláronse recomendacións en base a unha análise en profundidade de diferentes observatorios a nivel estatal e internacional co obxectivo de localizar boas prácticas e elementos innovadores.

[2] OBXECTIVOS

O obxectivo xeral foi deseñar un Observatorio de Igualdade para a súa aplicación no municipio de Santiago de Compostela como instrumento que mida as desigualdades de xénero dende un plano estrutural e promova futuras recomendacións para garantir o funcionamento futuro deste organismo.

Ca finalidade de cumprir este obxectivo xeral formúlanse algúns específicos:

Deseño do observatorio

- Tomando como base o estudo centrado en observatorios de referencia: Deseñar os bloques temáticos que configuren o novo Observatorio e recoller indicadores que visibilicen as desigualdades de xénero

Diagnose


- Analizar os datos cuantitativos dos que se dispón actualmente en relación ás fendas de xénero en Santiago de Compostela
- Estudar que instrumentos se están a utilizar para medir o impacto de xénero das intervencións das políticas públicas municipais
- Traballar con técnicas de investigación cualitativas para ter en conta as opinións e percepcións de persoas que representan un rol importante en materia de igualdade de xénero na cidade.

Propostas de futuro

- Propor novas investigacións e actuacións a partir dos resultados da investigación
- Propor os instrumentos necesarios para garantir a eficacia do Observatorio


[3] FASES METODOLÓXICAS: COMO SE TRABALLOU E CON QUE PROPÓSITO?

1. Os observatorios facilitan a posta en práctica do mainstreaming de xénero?




Construímos...

- Unha primeira proposta sobre cales serán as funcións para desempeñar o observatorio no marco de catro bloques temáticos: investigación, formación, coordinación e comunicación
- Unha versión preliminar do compendio de indicadores para visibilizar e medir as desigualdades de xénero na cidade. As dimensións deseñadas para facer encaixar ditos indicadores son:




2. Existen datos cuantitativos que visibilicen as fendas de xénero a nivel municipal?



A finalidade desta fase foi rescatar e analizar os datos desagregados por sexo que encaixan nas dimensións deseñadas para medir e visibilizar as desigualdades de xénero.

3. Estanse a utilizar ferramentas facilitadoras do mainstreaming de xénero a nivel municipal?




O obxectivo principal desta fase foi analizar en que medida se están a utilizar ferramentas de investigación, coordinación, formación, e participación para medir o impacto de xénero. O traballo centrouse en 15 das áreas municipais, prestando unha especial atención á de igualdade de xénero.

Profundamos...

- No uso de instrumentos de análise para medir o impacto de xénero noutras áreas municipais: en que medida se utilizan indicadores e estatísticas de xénero.
- No uso de instrumentos de coordinación para medir o impacto de xénero noutras áreas municipais
- Na sensibilización e na formación en xénero dos/as responsables de áreas municipais
- Na posta en práctica de instrumentos de participación que garanten vías de participación e incidencia da sociedade civil, especialmente o sector feminista.

4. Como se perciben e se senten as desigualdades de xénero en Compostela?




Creamos as propostas definitivas...

- Alimentando o compendio de indicadores deseñado con información cualitativa: recollemos percepcións e opinións sobre as desigualdades de xénero.
- Identificando futuras liña de investigación prioritarias
- Recollendo as necesidades e demandas que encaixan nos bloques temáticos deseñados para o Observatorio: investigación, formación, coordinación e difusión

[4] PROPOSTA DE DISEÑO DO OBSERVATORIO

A posta en práctica do *mainstreaming* de xénero implica deseñar novos instrumentos que faciliten a revisión de todas as políticas públicas. Con este tipo de mecanismos preténdese crear novas dinámicas de traballo na administración centradas na cooperación e na participación cun propósito común: paliar as desigualdades de xénero. No repaso teórico realizado, comprobamos como diferentes investigadoras expertas coinciden en organizar os instrumentos en categorías segundo desenvolvan funcións relacionadas coa organización, coa participación ou coa análise ou investigación (Alfama e Alonso [2015], Alonso [2008], Diz e Lois [2014], Gelambí [2015] e Paleo [2015]).

Instrumentos que facilitan o *mainstreaming* de xénero



A continuación presentamos os principais resultados obtidos nesta investigación para deseñar o Observatorio de Igualdade de Xénero. Organizamos a información en función dos catro bloques temáticos seguindo as categorías de instrumentos: **investigación, coordinación, formación e participación e comunicación.**

4.1 Investigación

Que función desempeñan as ferramentas de investigación no marco da estratexia do *mainstreaming* de xénero?

Son iniciativas que se poñen en marcha cun dobre obxectivo: por unha banda, facilitar a análise da realidade dende unha perspectiva estrutural, tomando como eixo central a categoría do xénero e visibilizando así a dimensión da problemática. E por outra, posibilitar o deseño de ferramentas que faciliten a revisión e o seguimento das políticas públicas dende unha perspectiva de xénero.

Poden os observatorios de xénero impulsar este tipo de ferramentas?

Neste sentido, os observatorios de xénero xogan un rol importante:

- Destacan as experiencias que utilizan diagnoses de xénero co obxectivo de trazar un mapa exhaustivo das desigualdades existentes desde un punto de vista multidimensional. Unha boa práctica nesta liña é [o índice de igualdade de xénero do EIGE](#)
- Deste tipo de iniciativas xorde unha batería de indicadores que constitúen un instrumento útil para avaliar e facer seguimento de como inflúen as intervencións nas desigualdades de xénero existentes. Unha boa práctica é a dos [indicadores do Observatorio do CEPAL](#)

Estance a utilizar este tipo de ferramentas dende a xestión municipal?

- Existen grandes eivas en case todas as áreas municipais á hora de rexistrar información desagregada por sexo. Soamente unha das áreas municipais elaborou unha diagnose de xénero. Ningunha das áreas municipais conta con indicadores de xénero
- En xeral, bótanse en falta ferramentas que faciliten tanto o rexistro de información, a desagregación por sexo e a súa sistematización. Nalgunha das áreas mostran vontade de incorporar esta perspectiva en futuras diagnoses de área, así como identifican o valor dos indicadores de xénero para deseñar e reformular as súas accións.

Como se senten e perciben as desigualdades de xénero en Compostela?

Deseñamos unha batería de indicadores para cada unha das dimensións identificadas inspirándonos en observatorios de referencia.

- No proceso da construción deste sistema recompilamos toda a información existente sobre desigualdades de xénero a nivel municipal a través da revisión de fontes de información secundaria externas e internas¹
- Estes indicadores foron depurados e alimentados utilizando técnicas cualitativas: entrevistas en profundidade a persoal técnico municipal, participación en mesas sectoriais con axentes sociais e un grupo de discusión co tecido feminista da cidade.

4.1.1 Propostas de ferramentas de análise e investigación

O principal resultado desta investigación é a construción dun sistema que organice un compendio de indicadores, que ten como obxectivo trazar un mapa das fendas de xénero no municipio e, por tanto, visibilizar a necesidade de mellorar as políticas de cara á consecución dunha igualdade efectiva e real entre mulleres e homes.

A análise realizada sobre as desigualdades de xénero levounos á elaboración dunha diagnose de xénero co obxectivo de trazar un mapa exhaustivo das desigualdades dende un punto de vista multidimensional. Deste estudo xorde unha batería de indicadores que configuran un instrumento útil, tanto para elaborar estatísticas de xénero nas áreas municipais como para avaliar e facer seguimento da influencia das políticas e intervencións da administración local nas desigualdades existentes. Ademais, este estudo permítenos construír propostas de liñas de investigación nas que consideramos que é relevante seguir afondando.

Os indicadores de xénero propostos teñen a función de medir os cambios sociais en termos de relacións de xénero ao longo do tempo. A súa utilidade céntrase na capacidade de identificar en que medida muda o estatus e rol das mulleres e dos homes. Así, son unha ferramenta imprescindible para medir se se está acadando a igualdade de xénero a través das políticas planificadas no ámbito municipal.

Unha vez analizadas as desigualdades de xénero grazas aos indicadores nos que atopamos información, realizamos unha revisión das competencias, programas e políticas das áreas municipais nas que focalizamos o noso traballo de campo.

¹ As fontes de información secundarias consultadas foron: o Instituto Galego de Estatística (IGE), datos estatísticos publicados no web USC en Cifras e informes da Oficina de Igualdade de Xénero da USC, «Diagnose de Desigualdades de Xénero» Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo (2015), «Datos sobre desigualdades de xénero no emprego». Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo (2015) e o «Anuario Estatístico do Concello de Santiago de Compostela» (2010).

Grazas a este estudo, deseñamos unha proposta de indicadores de seguimento e medición do impacto de xénero. A través dos mesmos, poderase valorar en que medida:

- As mulleres e os homes teñen acceso ás políticas municipais e cales son as razóns de que non o teñan.
- As mulleres fan parte do planeamento das políticas municipais. Examinar en que medida a perspectiva das mulleres conta con peso nos espazos de toma de decisión.
- Se están a terse en conta os roles de xénero na planificación das accións municipais.
- Cal é o impacto de xénero nas políticas públicas municipais. É dicir, en que medida as políticas municipais afectan aos roles de xénero e se estes están a mudar no tempo.

A continuación presentamos cales son os indicadores organizados en cada unha das dimensións deseñadas:

- Indicadores cuantitativos que contan con información e que foron alimentados con información de corte cualitativa recollida a través das diferentes técnicas aplicadas.
- Indicadores cuantitativos priorizados no proceso da investigación que non contan con información, e aínda así, posicionáronse como relevantes para telos en conta tanto para futuros estudos, como para pór en marcha mecanismos de seguimento das políticas públicas municipais.
- Futuras liñas de investigación identificadas en base a análise cuantitativa e cualitativa realizada sobre as desigualdades de xénero.

4.1.1.1. Violencias machistas

Indicadores cuantitativos con información para visibilizar as desigualdades e medir o impacto das políticas municipais

Nivel de violencia	1. N° de denuncias
	2. % de vítimas de violencia machista por relación co agresor
	3. N° de mulleres asasinadas por violencia de xénero a mans da súa parella ou exparella. % de mulleres que presentaran denuncia previa.
	5. N° de mulleres asasinadas por diversos tipos de violencia: contexto familiar, violencia sexual, tráfico e explotación sexual
	6. Número de persoas denunciadas por relación coa vítima
	7. Número e ordes de protección. % de ordes segundo medidas xudiciais de protección aplicada
Resposta institucional	8. Persoas enxuízadas segundo condena por violencia machista
	9. N° de campañas municipais en contra das violencias machistas e axentes sociais e económicos implicados
	10. Programas municipais de sensibilización en materia de igualdade no ámbito educativo. Número de axentes implicados da comunidade educativa
	11. Persoas atendidas no CIM segundo tipo de atención
	12. Mulleres atendidas no CIM segundo idade e situación laboral

As persoas que participaron na mesa de traballo de violencia aportaron información cualitativa sobre as seguintes cuestións:

1. Nivel e gravidade da violencia de xénero: factores que favorezan situación de violencia e situacións de risco no contexto concreto de Compostela
2. Impacto da violencia sobre a vida das mulleres

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos

Ámbitos	1. Delitos coñecidos de abuso, acoso e agresión sexual
	2. Vítimas de tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual e prostitución
	3. Vítimas de mutilación sexual feminina
	4. Casos de acoso sexual e acoso por razón de sexo no lugar do traballo (e proporción sobre o total de persoas traballadoras)
Resposta institucional	6. Casos de violencia identificados nos centros de ensino regrado obrigatorio e postobrigatorio.
	8. Casos de violencia identificados nas escolas de lecer e tempo libre
	9. Casos de violencia identificados en consultas de atención primaria
	10. Mulleres atendidas no sistema sanitario público, na atención primaria, na atención especializada e nos servizos de urxencias como consecuencia da violencia

Futuras liñas de investigación

1. Establécese como prioritario analizar o impacto das violencias machistas a nivel local, tendo en conta os criterios de interseccionalidade e afondando na realidade das rapazas novas e tamén das mulleres maiores como escenarios de particular vulnerabilidade.
2. Resulta fundamental identificar machismos da vida cotiá –nos ámbitos afectivo e sexual, familiar, educativo...– que fornecen a desigualdade entre mulleres e homes, apuntalando o sistema patriarcal por medio de prácticas diversas como a intimidación; estratexias de control e poder, tanto no eido público coma no privado; abuso da capacidade feminina do coidado, prácticas paternalistas...

4.1.1.2. Desigualdades no acceso e uso dos recursos económicos

Indicadores cuantitativos con información para visibilizar as desigualdades e medir o impacto das políticas municipais

Niveis de desemprego

1. Poboación desempregada por sexo e idade
2. % de persoas desempleadas según duración y sexo
3. Poboación desempregada por sexo, nivel de estudos e grupo de idade

Continuidade nas traxectorias laborais

4. % de persoas maiores de 16 anos segundo sexo e relación coa Seguridade Social

Calidade do emprego

5. % de persoas por tipo de contrato, tipo de xornada e sexo
6. % de mulleres por modalidade de contrato e tipo de xornada

Segregación horizontal

7. % de mulleres afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo categoría (CNAE 2009) e sexo

Fenda salarial

8. Media dos salarios por hora segundo o sexo, tipo de contrato e de xornada

Fenda de xénero nas pensións e prestacións públicas

9. % de mulleres e homes que cobran prestacións e pensións
10. Importe medio de pensións e prestacións por sexo

Acceso das mulleres ás políticas municipais de emprego

11. Relación de usuarias coa perspectiva da audiencia web.

Nivel de risco das mulleres usuarias das políticas municipais de emprego

12. % de mulleres e de homes que sendo demandantes cobran prestación de desemprego

Segregación horizontal na oferta formativa da ALC

13. % de mulleres asistentes a cursos formativos por sexo

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos

Segregación vertical

1. Salario medio bruto mensual por ocupación e estudos realizados

Fenda de xénero nas pensións e prestacións públicas

2. Importe medio de prestacións non contributivas por sexo

Recursos do fogar

3. Nivel de uso, control e administración dos recursos económicos no fogar
4. Nivel de participación na toma de decisións do fogar

Futuras liñas de investigación

1. Considérase fundamental analizar as condicións sociolaborais das traballadoras do fogar na cidade de Santiago de Compostela, atendendo á precariedade e ás discriminacións que afondan na realidade dun sector económico moi invisible e somerxido.
2. Establécese a necesidade de coñecer o grao de incidencia da crise económica nas carreiras profesionais das mulleres máis novas e cunha alta cualificación, analizando os procesos de emigración que poden darse en busca de mellores perspectivas laborais.
3. Identifícanse debilidades de información no tocante á segregación vertical, de forma que, a pesar de contar con información que visibiliza a fenda salarial, se fai preciso apostar por estudos que profunden nas barreiras e obstáculos que atopan as mulleres á hora de lograr postos de toma de decisión.
4. Priorízase a necesidade de profundar nas desigualdades de xénero en relación aos uso dos recursos económicos e no tempo dedicado ao traballo non remunerado na vida diaria.

4.1.1.3. Desigualdades no acceso ao poder político e económico

Indicadores cuantitativos con información para visibilizar as desigualdades e medir o impacto das políticas municipais

Poder político municipal

1. Número de mulleres e homes que forman parte da Xunta de Goberno local
2. Número de mulleres e homes que forman parte do Goberno Municipal
3. Mulleres e homes que forman parte das Comisións municipais dependentes do Pleno Municipal segundo posto de responsabilidade e competencia

Políticas municipais de igualdade

4. Plans de igualdade a nivel municipal
5. Organismos municipais de políticas para as mulleres
6. Número de persoas traballadoras na área de Igualdade
7. Consellos municipais dos dereitos das mulleres

Poder económico

8. % de mulleres en comités executivos da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación
9. Representantes nas empresas municipais e organismos autónomos segundo sexo.

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos

Poder económico

1. % de mulleres en organismos clave de toma de decisións das grandes empresas, e en asociacións profesionais e empresariais
2. Redes de mulleres empresarias
3. % de mulleres que ocupan cargos en postos executivos de sindicatos
4. % de mulleres en postos oficiais de autoridade das xuntas ou consellos executivos das empresas públicas autonómicas e municipais
5. % de mulleres en postos de dirección e xerencia nas asociacións de comercio e centros comerciais
6. Diferenza porcentual entre as mulleres titulares e as xestoras de postos do mercado de abastos
7. % de mulleres en organismos turísticos públicos municipais

Emprendemento

8. % de proxectos de autoemprego promovidos por mulleres: aqueles nos que a maioría do capital social sexa aportado por mulleres ou, no caso de empresas de economía social, cando o número de mulleres socias sexa maior ao de homes

Futuras liñas de investigación

1. Considérase fundamental analizar as barreiras ás que se enfrontan as mulleres á hora de liderar proxectos de autoemprego, prestando unha especial atención ás desigualdades no uso dos tempos e á normalización dos patróns masculinos nas esferas do poder económico.

4.1.1.4 Desigualdades no acceso ao coñecemento, formación e educación

Indicadores cuantitativos con información para visibilizar as desigualdades e medir o impacto das políticas municipais

Resultados académicos

1. Titulacións das alumnas (%)

Formación continua

2. % de alumnas de IV Ciclo da USC

Profesorado

3. % de mulleres na docencia non universitaria

Segregación horizontal

4. Distribución de mulleres no Persoal Docente e Investigador (PDI) por rama de Coñecemento
5. Distribución de mulleres e homes no alumnado de 1º e 2º ciclo e grao por área de estudo
6. Titulacións de grao paritarias (entre 40 % - 60 %)
7. Titulacións de grao feminizadas (≥ 70 % mulleres)
8. Titulacións de grao masculinizadas (≥ 70 % homes)

Segregación vertical

9. Distribución de mulleres no Persoal Docente e Investigador (PDI) por categoría
10. % de mulleres no consello de dirección
11. % de mulleres no no consello de goberno
12. % de mulleres no claustro, por sector

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos

Segregación horizontal

1. Profesorado de ensinanza secundaria e bacharelato segundo rama de coñecemento e sexo

Segregación vertical

2. % de mulleres nos equipos directivos de centros educativos de réxime xeral e nas escolas infantís municipais

Presenza feminina nos espazos de poder da comunidade educativa

3. % de mulleres en ANPAS e en Consellos Escolares
4. % de nenas no Consello Municipal da Infancia e % de mulleres no Consello Municipal da Convivencia Escolar

Educación non regrada

5. % de mulleres que participan das actividades (segundo ámbito de intervención) dos centros sociais, socioculturais (de competencia municipal) e escolas de tempo libre da cidade
6. % de monitoras dos centros sociais, socioculturais (de competencia municipal) e escolas de tempo libre da cidade
7. Proporción de accións centradas en materia de igualdade de xénero sobre o total das desenvolvidas nos centros sociais, socioculturais (de competencia municipal) e escolas de tempo libre da cidade

Futuras liñas de investigación

1. Os datos cuantitativos encontrados non nos deixan ir máis alá do ámbito da formación regrada, aínda que as persoas que formaron parte desta investigación, posicionaron a necesidade de deseñar indicadores para medir as desigualdades de xénero na formación non regrada.

4.1.1.5. Desigualdades no uso dos tempos

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos e medir o impacto das intervencións públicas

Traballo non remunerado

1. Mulleres con dedicación exclusiva ás labores do fogar, segundo posición de parentesco, número de menores, nivel de ingresos, zona de residencia (rural / urbano) e grupo de idade.
2. Tempo de traballo non remunerado segundo sexo, zona de residencia (rural / urbano), grupos de idade, anos de estudo, categoría ocupacional (cruzar con tipo de fogar e presenza de menores)
3. Distribución de horas semanais dedicadas por sexo e coidado de menores de 15 anos, maiores de 74 anos e persoas con discapacidade.
4. Tempo de traballo non remunerado segundo sexo, condición de actividade, zona de residencia (rural / urbano), grupo de idade, anos de estudo, categoría ocupacional (cruzar con tipo de fogar e presenza de menores)
5. Persoas inactivas segundo sexo que non buscan emprego por razóns familiares
6. Redución de xornada por coidado de fillos/as segundo sexo e por outros motivos familiares
7. Prestacións de maternidade e prestación de paternidade
8. Excedencia por coidado de fillos/as e por coidado de familiares segundo sexo

Actividades sociais, culturais, deportivas e de lecer

9. Tempo promedio dedicado a actividades, culturais, de participación social e política, de voluntariado social, socio- comunitarias (en centros autoxestionados ou de ámbito municipal) de deporte saúde e deporte regrado á semana segundo sexo, grupo de idade, nivel de estudos e zona residencial (urbano / rural)

Recursos municipais de atención ás persoas dependentes

10. Alumnado matriculado en educación infantil sobre o total de nenos/as dese grupo de idade
11. Alumnado usuario de servizos de comedor e gardería antes do horario de apertura
12. Servizos e prazas de atención á primeira infancia
13. Prazas municipais en centros de día
14. Servizos e prazas de axuda a domicilio na cidade

Futuras liñas de investigación

1. Considérase fundamental analizar a desigualdade no acceso e no uso dos espazos públicos a nivel municipal, que garda íntima relación coas oportunidades de corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Neste sentido, propónse unha liña de investigación dende unha óptica integral das desigualdades nos usos dos tempos e dos espazos, coa intención de valorar o déficit de desenvolvemento das mulleres nos planos persoal, familiar e laboral; atendendo particularmente ao que acontece nos tempos libres e de lecer.
2. Tamén se valora a incorporación dun enfoque centrado no decrecemento en relación aos usos do tempo locais.

4.1.1.6. Desigualdades no benestar

Indicadores cuantitativos con información para visibilizar as desigualdades e medir o impacto das políticas municipais

Dependencia

1. Índice de dependencia global, dependencia senil, dependencia xuvenil e sobreenvellecemento segundo sexo
2. % de mulleres con algunha discapacidade segundo tipo e grao

Políticas municipais

3. Distribución por sexo de persoas usuarias dos programas da área municipal de Maiores
4. Distribución por sexo das persoas usuarias dos programas da UMAD
5. Persoas beneficiarias da Renda Básica Cidadá segundo sexo
6. Persoas beneficiarias da Prestación de Emerxencia Social segundo sexo
7. Persoas usuarias do Programa de Axuda a Domicilio segundo sexo.

Fenda de xénero nas pensións e prestacións públicas

8. % de mulleres e homes que cobran prestacións e pensións
9. Importe medio de pensións e prestacións por sexo

Indicadores cuantitativos que non teñen información deseñados para medir o impacto de intervencións públicas

Políticas municipais

1. Persoas beneficiarias de Bolsas de Comedor segundo sexo
2. Persoas beneficiarias de actividades extraescolares por motivos de conciliación segundo sexo e proporción sobre o total de menores de 11 anos na cidade.
3. Mulleres beneficiarias do servizo domiciliario de atención á infancia
4. Persoas usuarias do Programa de Axuda a Domicilio segundo sexo. % de mulleres usuarias do Programa de Axuda a Domicilio sobre o total de mulleres dependentes

Fenda de xénero nas pensións e prestacións públicas

5. Importe medio de prestacións non contributivas por sexo

Futuras liñas de investigación

1. Proponse realizar unha aproximación ás condicións de benestar e á saúde das mulleres compostelás dende un enfoque biopsicosocial. Para isto, resulta imprescindible incorporar unha mirada crítica en relación aos procesos de medicalización e ao impacto que teñen na saúde feminina; aos hábitos de vida saudables relacionados coa alimentación; ao benestar relacionado cos tempos libres e á participación comunitaria, entre outras cuestións.

2. Indícase a pertinencia de analizar a calidade dos servizos e recursos orientados a mulleres na cidade de Santiago de Compostela, establecendo criterios que permitan medir a vulneración de dereitos e/ou os procesos de revitimización. Particularmente, resulta importante valorar a presenza de prexuízos de xénero nas equipas profesionais de servizos sociais, educativos e sanitarios

4.1.1.7. Desigualdades na participación e movementos sociais

4.1.1.8. Desigualdades no ámbito da cultura

Indicadores cuantitativos con información para visibilizar as desigualdades e medir o impacto das políticas municipais

Participación

1. % que representan as asociacións de mulleres e feministas sobre a totalidade das asociacións do Rexistro Municipal do Concello

Capacidade de incidencia política

2. Organismos, plataformas, mecanismos e espazos de participación das mulleres a nivel municipal

Políticas municipais de participación social

3. % de mulleres con cargos de titularidade nos Consellos Municipais

Recoñecemento

4. Premios ao recoñecemento e á visibilización do traballo das mulleres na cidade

Futuras liñas de investigación

1. Destácase a necesidade de desenvolver investigacións que permitan identificar nesgos sexistas e barreiras con incidencia na participación feminina a nivel local (no ámbito cultural, veciñal e educativo [ANPAS e consellos escolares]), prestando especial atención ás características do movemento social e feminista de Compostela.

2. Creación dun mapa de colectivos feministas e do tecido asociativo de mulleres da cidade.

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos que visibilicen as fendas de xénero neste ámbito

Hábitos de vida

1. Tempo promedio dedicado ao consumo de actividades culturais á semana, segundo sexo, grupo de idade, nivel de estudos e zona residencial (urbano/rural)

Participación como creadoras

2. % de mulleres axentes culturais , grupo de idade e zona residencial

3. % de mulleres axentes culturais segundo tipo de cuantía de remuneración (desagregado por subáreas: música, literatura, cine, artes gráficas e artes escénicas)

Presenza feminina en áreas de toma de decisións

4. % de mulleres en directivas de organizacións, entidades ou asociacións culturais

4.1.1.9. Desigualdades no espazo público

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos que visibilicen as fendas de xénero neste ámbito

Uso do espazo público

1. Nº de espazos (centros, instalacións e equipamentos) destinados aos coidados das persoas máis pequenas e persoas maiores por barrio e distrito
2. % de persoas que usan os espazos (centros, instalacións e equipamentos) destinados aos coidados das persoas máis pequenas e maiores por barrio ou distrito

Seguridade

3. Nivel de iluminación pública por barrio ou distrito

Desprazamentos

4. Desprazamentos semanais en transporte público e privado segundo sexo

Acceso e mobilidade

5. Barreiras arquitectónicas para persoas con limitacións de mobilidade no barrio ou distrito
6. Barreiras arquitectónicas para carros de bebé

Equipamentos

1. Nº de equipamentos ou instalacións destinados a vítimas de violencia machista
2. Equipamentos destinados aos colectivos feministas e de mulleres da cidade

Futuras liñas de investigación

1. Considérase fundamental analizar a desigualdade no acceso e no uso dos espazos públicos a nivel municipal, que garda íntima relación coas oportunidades de corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Neste sentido, propónse unha liña de investigación dende unha óptica integral das desigualdades nos usos dos tempos e dos espazos, coa intención de valorar o déficit de desenvolvemento das mulleres nos planos persoal, familiar e laboral; atendendo particularmente ao que acontece nos tempos libres e de lecer.

4.1.1.10. Desigualdades nos deportes

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos que visibilicen as fendas de xénero neste ámbito

Prácticas saudables

1. Nivel de participación de mulleres segundo idade en clubs/federacións deportivas da cidade
2. Tempo promedio dedicado a actividades de deporte saúde, de deporte regrado e de deporte non regrado á semana segundo sexo, grupo de idade, nivel de estudos e zona residencial (urbano / rural)

Participación

3. Deportistas de elite da cidade (que viven do deporte) segundo sexo
4. Participación desagregada por sexo no deporte de base (clubs ou agrupacións locais)

Poder e toma de decisións

5. Nº de mulleres en espazos de toma de decisión no deporte regrado (clubs ou agrupacións deportivas locais) e entidades especializadas en deporte saúde (empresas de xestión de ocio e tempo libre)

4.2. Coordinación e articulación

Que función desempeñan as ferramentas de coordinación no marco da estratexia do *mainstreaming* de xénero?

Tendo en conta que o obxectivo final da estratexia de *mainstreaming* é a revisión de todas as políticas públicas dende unha perspectiva de xénero, a súa posta en práctica require altos niveis de coordinación entre todos os departamentos e niveis de goberno. O deseño deste tipo de instrumentos pretende facilitar vías, canles e prácticas centradas no traballo en rede, como por exemplo a creación dunha comisión interdepartamental ou unha serie de estruturas especializadas en xénero.

Poden os observatorios de xénero impulsar este tipo de ferramentas?

Neste sentido, os observatorios de xénero xogan un rol importante. Por exemplo, o Observatorio de Brasil da Igualdade de Xénero establece entre os seus piares de actuación o diálogo e a coordinación a través da creación dun [comité de seguimento e avaliación das políticas públicas](#). Este comité está formado por representantes do Consello Nacional de Dereitos da Muller, dos organismos específicos de igualdade de xénero a nivel estatal e municipal e de cada unha das áreas do goberno.

Estanse a utilizar este tipo de ferramentas dende a xestión municipal?

- Non existen espazos de reflexión ou de intercambio de información. «Compostela en negro» e «Compostela, territorio das mulleres» son un precedente á hora de levar a cabo accións coordinadas coa área de Igualdade. Trátase de accións puntuais, mais representa unha mudanza.
- Percíbese unha vontade de crear espazos compartidos para intercambiar experiencias, información e boas prácticas en igualdade. A pesar de identificar o Observatorio como un posible instrumento facilitador para incorporar a perspectiva de xénero nas áreas correspondentes, a meirande parte das persoas entrevistadas aludiron á sobrecarga de traballo e á falta de tempo como maiores ameazas. Cómpre aludir ás grandes debilidades atopadas en determinadas áreas que, malia contar cun peso importante na xestión municipal, son unipersoais.
- Identifícase o valor que tería unha figura profesional que dinamizase a revisión das políticas municipais dende unha perspectiva de xénero. Deste xeito, sinálase á necesidade dunha axente de igualdade que asuma o impulso deste tipo de dinámicas de traballo conxuntas

4.2.1 Proposta de ferramentas de coordinación

Co obxectivo de posibilitar a revisión e a avaliación das políticas municipais, e partindo para isto dos indicadores propostos, resulta imprescindible a creación de grupos de traballo centrados nos avances cara á igualdade entre mulleres e homes. A proposta que consideramos máis idónea sería crear un grupo ou comisión interdepartamental, cuxa estratexia de acción facilitase a coordinación entre as diversas áreas municipais. Este grupo ou comisión tería como principal cometido o seguimento e a avaliación das políticas públicas dende unha perspectiva de xénero.

Igualmente, sería recomendable que este grupo estivese formado por representantes da Concellaría de Igualdade, representantes do Consello de Participación da Muller (cando estea activo) e representantes do persoal técnico das diferentes áreas municipais. As funcións máis relevantes deste grupo serían: a xeración dun espazo de intercambio de opinións, percepcións e experiencias ao redor da incorporación da perspectiva de xénero nas diferentes accións e a valoración do impacto das diferentes accións a través dos cambios que se poidan producir nos indicadores propostos no apartado anterior.

Atendendo a este contexto municipal, e visualizando esta investigación como un primeiro paso de cara ao proceso de construción do Observatorio, identificamos a necesidade de contar cunha persoa especializada en políticas de xénero para exercer un papel dinamizador e coordinador. Visualizamos esta figura como mediadora e impulsora do funcionamento do Observatorio. Neste aspecto, queremos caracterizar o Observatorio como un proceso, no que un primeiro paso sería o traballo desta figura, centrado en sensibilizar e facer chegar os indicadores propostos ao persoal técnico. Debemos destacar o feito de que o persoal técnico non conta con formación para pór en práctica instrumentos de análise. As debilidades no caso da recollida e análise de información evidenciáronse ao longo desta investigación.

4.3. Formación

Que función desempeñan as ferramentas formativas no marco da estratexia do *mainstreaming* de xénero?

A sensibilidade e conciencia de xénero do persoal técnico é fundamental para garantir a posta en práctica da estratexia do *mainstreaming* de xénero. Ademais de contar coa visión do enfoque de xénero, é necesario contar coas capacidades necesarias para coñecer, utilizar e valorar as ferramentas de investigación, coordinación e comunicación.

Poden os observatorios de xénero impulsar este tipo de ferramentas?

A meirande parte dos observatorios analizados tamén coinciden en apostar pola construción de plataformas de recursos, documentación, información, coñecemento ou asistencia técnica para o persoal das administracións públicas.

- Unha boa práctica é [un espazo que facilita guías para pór en práctica ferramentas de cara ao *mainstreaming* de xénero do Centro en Liña Sueco para a Igualdade de Xénero, Includegender.](#)

Estanse a utilizar este tipo de ferramentas dende a xestión municipal?

- Percibimos debilidades respecto á sensibilización e á conciencia de xénero no persoal dalgunhas das áreas. En ocasións, as persoas entrevistadas non percibían o impacto do xénero nas accións que se están a levar a cabo dende a administración municipal.
- Unha das maiores eivas percibidas en todas as áreas foi a de non contar cunha ferramenta na que se establezan pautas á hora de traballar a comunicación a través da imaxe dende unha perspectiva de xénero.
- Son escasas as áreas nas que se utilizan instrumentos de recollida e análise de información, e nalgúns dos casos nos que se está a traballar dende esta perspectiva, non se desagregan as estatísticas por sexo.

Cales son as principais demandas formativas dos axentes que participaron nesta investigación?

Demandas formativas do persoal técnico municipal:

- Uso de linguaxe non sexista
- Utilización de ferramentas facilitadoras da transversalización do enfoque de xénero
- Profundización das desigualdades de xénero no uso dos tempos
- Formadores/as de formadores/as en temas de xénero

Demandas formativas de axentes sociais:

- Prevención de violencia machista: empoderamento e xestión de relacións afectivo sexuais
- Responsabilidade social dos coidados
- Desigualdades no uso dos tempos
- Xénero e emprendemento
- Formación dirixida á comunidade educativa: novas masculinidades e prevención de violencia

4.3.1. Proposta de ferramentas formativas

Tendo en conta o contexto municipal, valoramos as entrevistas co persoal técnico como un primeiro achegamento de sensibilización sobre cuestións de xénero. Neste aspecto, a posibilidade de contar cunha persoa dinamizadora do Observatorio sería estratéxica. O cometido proposto para esta figura sería o de facer chegar os indicadores a cada unha das áreas, e realizar accións de sensibilización centradas na toma de conciencia de como as desigualdades de xénero se reproducen en cada un dos ámbitos. Ademais, visualizamos o Observatorio como unha plataforma dende a que se poida acceder a guías prácticas de estatísticas e indicadores de xénero. Unha vez que estas capacidades estean máis ou menos sistematizadas, sería interesante facer chegar outros instrumentos para incorporar o *mainstreaming*, pero centrar a atención nos instrumentos de análise sería o máis urxente.

Por outra banda, outro ámbito de actuación prioritario sería deseñar un Plan de Comunicación e Difusión da Información a nivel municipal que teña incidencia nas formas en que as diferentes áreas de acción municipal difunden as súas actuacións e propostas, tendo en conta criterios non sexistas que permitan un intercambio libre de estereotipos e prexuizos de xénero.

A longo prazo visualizamos o Observatorio como unha plataforma que albergue ferramentas formativas centradas en diferentes ámbitos ou temas. Neste sentido, grazas ao traballo de campo realizado nas mesas sectoriais, valoramos en que ámbitos se podería centrar a busca de futuras ferramentas para colgar e publicar no Observatorio.

No tocante á oferta de formación, sería interesante valorar a posibilidade de traballar en rede con outros organismos de igualdade de xénero do contexto supramunicipal.

Recomendamos como posibilidade para o futuro o establecemento de sinerxías con outras cidades que teñan en funcionamento un observatorio de igualdade de xénero.

4.4. Comunicación e participación

Que función desempeñan as ferramentas de participación e comunicación no marco da estratexia do *mainstreaming* de xénero?

O seu cometido é facilitar a participación de colectivos, organizacións e asociacións de mulleres ou feministas, así como da cidadanía en xeral, no proceso de elaboración de políticas públicas. Este tipo de ferramentas materialízanse normalmente por medio da creación de organismos que establecen canles de participación e incidencia dende os colectivos e actores sociais e de cara ás institucións.

Poden os observatorios de xénero impulsar este tipo de ferramentas?

En relación a este tipo de instrumentos, destacan dúas boas prácticas dos observatorios analizados:

- [O Observatorio de Equidade e Xénero de Chile](#) está formado por institucións e organizacións de mulleres e da sociedade civil, e establécese como unha «praza pública» que incentiva a participación de académicas, activistas e expertas. O web que alberga este observatorio consta de varias seccións: unha destinada á creación e á alimentación de foros de opinión, enquisas ou reportaxes elaborados polas participantes no consello, e un boletín de novas. Á fin, a intención parece ser crear unha plataforma na que todas as persoas teñan a capacidade de asumir o rol de prosumidoras, en tanto que producen, comparten e consomen contidos. Esta plataforma é un espazo de deliberación e creación de coñecemento e pensamento ao redor do feminismo.
- Outra boa práctica na materia é o [Observatorio de Igualdade de Xénero de Chipre](#), no que se fixan uns obxectivos entre os que se conta o traballo en rede con entidades sociais que traballan en prol da igualdade.

Estanse a utilizar este tipo de ferramentas dende a xestión municipal?

- As intencións políticas en relación á creación do consello de participación céntranse en devolverlle o papel protagonista ao movemento feminista e de mulleres neste consello
- A próxima apertura da Casa das Mulleres supón unha clara aposta política de cara ao impulso de participación, visibilización e establecemento de canles de comunicación entre as organizacións feministas e de mulleres e o Concello
- «Compostela en negro» implica a axentes sociais que até o momento non estaban implicados, como son o comercio ou a hostalaría. Por outra banda, a

campaña establece mecanismos de difusión e sensibilización de cara á cidadanía con moito potencial para alcanzar repercusión

- «Compostela, territorio das mulleres» materializa as sinerxias acadadas na campaña anterior e crea unha plataforma de difusión, sensibilización e participación.

4.4.1. Proposta de ferramentas de comunicación e participación

Neste caso, sinalamos a necesidade de pór en marcha instrumentos que faciliten a participación e a incidencia do movemento feminista local nas políticas públicas municipais, precisamente por tratarse dun axente formado e con compromiso en relación á igualdade entre mulleres e homes.

Deste xeito, resulta conveniente incorporar mecanismos de converxencia entre o Consello de Participación das Mulleres (cando estea activo) e o Observatorio de Igualdade, que favorezan o intercambio de experiencias e a coordinación nas diferentes accións que poidan establecerse a nivel municipal. En todo caso, deberá existir un regulamento de participación que esixa funcións específicas coa intención de realizar un seguimento dos indicadores de xénero propostos no primeiro destes apartados.

Ademais, cómpre recordar que no marco da presente investigación se levou a cabo un grupo de discusión con representantes de colectivos feministas locais, polo que sería recomendable tomar este contacto como primeiro encontro dun proceso onde sexa posible estabilizar un grupo avaliador do funcionamento do Observatorio.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alfama Guillén, E. e Alonso Álvarez A. (2015). Las políticas de género en la administración pública. Una introducción. *Revista vasca de Gestión de Personas y Organizaciones Públicas*, 8, 24-41
- Alonso A. (2008). La europeización de las políticas de género en el nivel subnacional: análisis del caso gallego. *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas* 7(2), pp. 63-78
- Diz Otero, I. e Lois González, M. (2014). Las políticas de igualdad de género en tiempos de crisis. El caso gallego. *Investigaciones feministas: papeles de estudios de mujeres, feministas y de género*, 5, 96-128
- Gelambí Torrel, M. (2015). La gestión transversal de género en momentos de crisis. La realidad en los municipios catalanes. Ponencia presentada en el XII Congreso Español de Ciencia Política y de la Administración. Universidad del País Vasco. Donostia
- Paleo Mosquera, N (2015). Las políticas municipales de género. Nivel de desarrollo y variables explicativas en el caso gallego. Programa de doutoramento de procesos políticos contemporáneos.

